

A CARREIRA DO RAPOSO



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_NoCa_0029_004_id707_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_NoCa_0029_004_id707.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Rexistro directo dun evento. Conto
MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora)
 Transcripción de texto
DURACIÓN: 0:02:58

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** Maio de 1999
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** Estribela
 - Parroquia:**
 - Concello:** Marín
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia
- **INFORMANTE**
 - Nome:** Dolores Rosales Santiago
 - Ano de nacemento:**
 - Idade no momento da recollida:** 72
- **RECOLLEDOR/ORA:** Sen información
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NO LIBRO “CONTOS GALEGOS DE TRADICIÓN ORAL” E NO “CATÁLOGO TIPOLÓXICO DO CONTO GALEGO DE TRADICIÓN ORAL”:**
 - Tipo:** Contos de animais
 - Subtipo:** Outros animais e obxectos
 - Referencia:** 275B AT



CONTEXTO

Durante a década de 1990 até os anos 2000, a catedrática emérita e profesora de filoloxía galega María Camiño Noia Campos, dirixiu un valioso proxecto de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso foi imprescindible a axuda do seu alumnado e de bolseiros, que se encargaron de facer as recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Os traballos, que se realizaron en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito de traballar con todo este material plasmouse en varias obras - citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa última obra *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia - coloca o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folklore internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios do catálogo tipolóxico realizado pola propia compiladora.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA

- NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.
 NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratreá.
 NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

PALABRAS CHAVE

conto, narración, animal, raposo, caranguexo

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN



Os raposos cando tiñan pulghas sabes o que fasían para sacalas? Pois mira: íbanche ó lado da praia, baixaban á praia, collían un papel e poñíano na boca e íban entrando na agua pouquiño a pouco; e conforma íban entrando na auga, as pulghas íbanlle subindo para arriba, hasta que se íban metendo pouco e pouco e pouco e pouco hasta que as pulghas cheghaban ó papel e xuntábanse todas no papel,, entonses el, xuntaba o papel e quedaba sin pulghas.

E un día, fasendo esta operación, un cangrexo picoulle nos melindríns, entonses sale para fóra e di el:

–Mecachis en la mar! Quén sería o que me trabou!

E di el –púxose na orilla da praia, moi ghallardo e moi preparado– e di el:

– Sal *afuera*, sal pa fóra, picador de collóns que aquí miraranse os homes!

E neste sale pa fóra e sale un cangrexo e dillo el:

–Ah! e ti foches o que me picaches?

E díxolle el:

–Si, fun eu.

–Un patarrasto coma ti e venme faser daño a min?

–Pois si, fun eu o que che mordín. Pero aquí donde me miras eu corro máis ca ti.

E colle o raposo, bótase a rir e dille el:

– Mira patarrasto, non me digas semeghante cousa que me vas facer rir.

E dille el:

- Ti proba e xa verás: poñémonos os dous e corres, e vamos a ver, a ver quen ghana.

Colleu o cangrexo e que fixo?, púxose detrás e enghanchóuselle ó rabo. O raposo vai corre, corre, corre e cando levaba unha camiñana xa moi ghrande, dáse volta mirando contra o mar e dille el:

–Patarrastro, eu xa estou equí!



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

E o outro sóltaselle do rabo, que estaba para o outro lado e dille el:

–E eu diante de ti.

–Pois vamos outra ves.

–Pois ala, pon.

Púxoselle, vólvese a enghanchar no rabo, e o conto era que si lle ghañaba a carreira tíñao que traer de volta outra ves ó mar.

Corre, corre, corre, corre! E cando xa iba, xa o pobre xa non podía máis que xa botaba a lingua fóra, di el:

–Non creo que desta ves me ghanara.

Dáse volta, o outro sóltaselle outra ves e dille:

–Patarrasto eu xa estou aquí!

E dille o outro:

–E eu diante de ti.

Entonses colleu el e díxolle el, como xa non podía máis, e dille:

–Bueno, en vista de que me ghañaches pois móntome ensima túa, ó teu lombo, e lévasme outra ves á praia .

E levouno. A veses o *ingenio* vale máis que a forsa, que as mañas e que todo eso, xa un cangrexo ghanoulle a un raposo unha carreira.